



Curtas AS-PG

I ORGANIZACIÓN

O Certame de Curtas da AS-PG é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio ao audiovisual como forma de comunicación e divulgación da lingua e literatura galega.

II TEMÁTICA

As curtas xirarán ao redor da literatura, interpretando ou explorando calquera texto de calquera época da Literatura Galega.

As curtas presentadas levarán incluído un espazo de créditos en que obrigatoriedade debe constar título da obra literaria e autora ou autor da mesma.

A modalidade en que se presenten os traballos é libre: curtametraxes, videocreacións, videoclips... e admitirase calquera técnica de elaboración.

III NORMAS DE PARTICIPACIÓN

1. Poderán optar aos premios as curtas rodadas en calquera sistema de gravación (cine, vídeo...), inéditas ou que fosen estreadas entre o 1 de setembro de 2024 e o 11 de novembro de 2026.

2. As obras poderán enviarse por servizos de transferencia de arquivos (WeTransfer ou Swisstransfer), para calquera dúbida contactar por correo a informacion@as-pg.gal. O formato de exportación debe ser preferentemente .mp4, .mov ou .avi.

3. A duración non excederá en ningún caso os 20 minutos, créditos incluídos.

4. O idioma (audio e texto) das obras presentadas será o galego.


5. Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.

6. Os vídeos participantes na Categoría Centros de Ensino poderán ser difundidos a través da páxina web da AS-PG e das súas redes sociais.

IV CATEGORÍAS

1. Categoría xeral Mellor Curta XVI edición.
2. Categoría Centros de Ensino XVI edición (Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos)

A mesma obra só poderá participar nunha única categoría que será indicada na ficha de inscrición.



V PREMIOS

1. Categoría xeral
 - **Premio á Mellor Curta** XVI edición de Curtas AS-PG, dotado de **1.500€ + diploma+ figura cerámica**
 - **2º Premio** dotado con **750€ + diploma+ figura cerámica**
2. Categoría Centros de Ensino
 - **1º Premio**, dotado con **900€+ diploma+ figura cerámica**
 - **2º Premio**, dotado con **400€+ diploma+ figura cerámica**
 - **3º Premio**, dotado con **200€+ diploma+ figura cerámica**

Os autores e autoras das curtas finalistas e gañadoras recibirán un diploma acreditativo e unha figura conmemorativa cerámica.

VI INSCRICIÓN

Os/As participantes deberán cubrir o seguinte formulario para inscribirse e mandar a curta: <https://forms.gle/VrE3bqNK6i9zgQg9A>

Prazo: as curtas deberán ser recepcionadas na AS-PG antes das 14 horas do 11 de novembro de 2026.

Na web <https://bitaculas.as-pg.gal/> entrada Curtas tamén estarán dispoñibles as bases do Certame e o formulario de inscrición.

Para calquera dúbida poden dirixirse a informacion@as-pg.gal.

VII XURADO

A AS-PG, como entidade organizadora deste evento, nomeará un xurado que estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio no mundo da literatura e do audiovisual. O xurado designará un máximo de tres obras finalistas en cada unha das categorías.

Así mesmo designará unha Comisión Organizadora encargada de recepcionar as obras e avaliar a adecuación ás bases.

Calquera cuestión referida á interpretación e aclaración das bases corresponde á Organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación. O ditame do xurado é inapelable.

VIII ENTREGA DE PREMIOS

As obras gañadoras daranse a coñecer no Acto de entrega de premios que terá lugar en decembro de 2026. A data e lugar serán publicados na páxina web da AS-PG e nas nosas redes sociais. Neste acto é obrigada a presenza, en representación das obras, dalgún dos membros das curtas finalistas. A non presenza será motivo da perda do importe económico do premio (no caso de a obra resultar premiada), mais non do premio en si.

IX RESPONSABILIDADE

A persoa representante da obra será a única responsable legal da curta.

As obras admitidas poderán ser emitidas naqueles actos sen ánimo de lucro organizados para a promoción do Certame. A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.